CERTAME DE MICRORRELATOS ILUSTRADOS

“ANO CASTELAO 2025”

A Biblioteca Pública Municipal “El Viejo Pancho” de Ribadeo convoca o **CERTAME DE MICRORRELATOS ILUSTRADOS “ANO CASTELAO 2025”**, de acordo coas seguintes **BASES**:

1ª) Participantes

Poderá participar calquera persoa ata os 16 anos.

2ª) Categorías

Establécense tres categorías por idades:

- **A)** ata 8 anos
- **B)** de 9 a 11 anos
- **C)** de 12 a 16 anos

  Para cada categoría, o xurado seleccionará un 1º, un 2º e un 3º premio.

3ª) Actividade

Cada participante deberá presentar un **microrrelato ilustrado**, composto por:

- **Un texto breve en galego** (máximo 200 palabras).
- **Unha ilustración** en formato DIN A4, relacionada directamente co microrrelato.

Ambas pezas deben ser orixinais e formar unha unidade creativa.

4ª) Tema

O tema común será: **“Ano Castelao 2025”**, inspirado na súa figura, pensamento, obra ou legado.

5ª) Identificación

Cada autora ou autor poderá presentar cantos traballos desexe, acompañados dunha folla de datos cumprimentada en letra maiúscula lexible.
Os datos identificativos irán só nesa folla, nunca no microrrelato nin na ilustración.

6ª) Prazos

O prazo de presentación rematará o **14 de novembro**, debendo ser entregados na Biblioteca Municipal.

7ª) Xurado

Un xurado, formado por persoas entendidas na materia, seleccionará para cada categoría un máximo de tres traballos. As persoas premiadas recibirán un **diploma acreditativo** e un **vale para adquisición de libros nunha libraría local valorado en:**

- 100 € para o primeiro premio de cada categoría.
- 60 € para o segundo premio de cada categoría.
- 40 € para para terceiro premio de cada categoría.

8ª) Fallo

O fallo do xurado local farase público na semana do **1 ao 5 de decembro de 2025**.

10ª) Propiedade dos traballos

Os traballos premiados serán propiedade da Biblioteca, que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.

11ª) Incidencias

Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.

12ª) Aceptación

A presentación das obras a este certame supón a aceptación das presentes bases.